

INVENTARIO ILUSTRADO DE ROCHAS E MINERAIS

Textos de VIRGINIE ALADJIDI e CAROLINE PELLISSIER

Ilustracións de EMMANUELLE TCHOUKRIEL

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Encadernado en cartón. 21,5 x 30 cm. 48 páx. 18 €

[Inventario ilustrado de rochas e minerals](#) (galego)

ISBN 978-84-19213-06-8. Ciencias. Faktoria K de Libros.

[Inventario ilustrado de rocas y minerales](#) (castelán)

ISBN 978-84-19213-55-6. Ciencias. Faktoria K de Libros.

[Inventari il·lustrat de roques i minerals](#) (català)

ISBN 978-84-18558-99-3. Ciències. Faktoria K de Llibres.

[Inventário ilustrado das rochas e dos minerais](#) (português)

ISBN 978-989-749-190-0. Ciências. Faktoria K de Livros.

A Terra está repleta de tesouros: ouro, diamantes, mármore...

e tamén xeo ou carbón! O chan por onde andamos,

as montañas que contemplamos, os coiros que apañamos,

as pedras preciosas que admiramos, as paredes dos edificios

onde vivimos... son todos minerais e rochas que forman parte

da nosa vida cotiá...

Unha obra rutilante que nos descobre os segredos duns materiais fundamentais na evolución do planeta.

Este «Inventario ilustrado de rochas e minerais» é un achegamento a unha ciencia fascinante, a xeoloxía, a través dunha selección de 70 materiais, entre os milleiros de tipoloxías documentadas.

A súa formación é o resultado de longos e complexos ciclos xeolóxicos relacionados cos vocáns, as montañas e a súa erosión.

Os textos de Virginie Aladjidi e Caroline Pellissier explican dun xeito sinxelo, ameno e rigoroso as condicións que dan lugar ás rochas e aos minerais, as súas innumerables utilidades, os danos que provoca a súa extracción e outros datos curiosos e interesantes sobre as “pedras de papel” que conforman esta mostra.

As ilustracións de Emmanuelle Tchoukriel, fiel ao estilo da colección *Inventarios ilustrados*, amosan con detalle o xeito no que se presentan as rochas e os minerais na natureza, os territorios dos que proceden ou algúns dos obxectos nos que se transforman. A redacción contou co asesoramento do xeólogo, enxeñeiro de minas e filósofo de ciencias Alexis Geisler-Roblin; o Museo de Mineraloxía de París e o Museo Nacional de Historia Natural francés colaboraron na proposta gráfica.



■ **Temática:** xeoloxía.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** natureza; ilustracións realistas coloreadas con acuarela; cada lámina contén ilustracións, nome común da rocha ou mineral, clasificación e descrición; outros *Inventarios ilustrados*: [froitas e verduras](#), [dinosaurios](#), [árbores](#), [animais](#), [animais con cola](#), [insectos](#), [aves](#), [flores](#), [mares](#) e o compendio «*Bellezas de la naturaleza*»; outros libros: «*Vivir*», series «*Quen son?*» e «*Animais extraordinarios*», colección «*Vitamina N*» (FAKTORÍA K).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/inventario-de-rochas-e-minerais-g>

Virginie Aladjidi e Caroline Pellissier

Autoras de libros para a infancia. Xornalistas de formación, coñecéronse nunha revista infantil na que traballaron durante anos. Crearon uns cen títulos publicados en Francia, traducidos a distintas linguas e recoñecidos con varios premios.

<https://www.instagram.com/leslivresdecarineetvirginie/>

Emmanuelle Tchoukriel

Estudou Artes Aplicadas e ampliou a súa formación no eido da comunicación visual antes de ingresar na Escola Estienne de París e de especializarse en ilustración médica e científica.

<http://tchouk-tchouk.blogspot.com>

